

Resolución do 09 de agosto de 2017, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo da categoría profesional de Enxeñeiro Técnico Agrícola, Perfil Profesional “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, ámbito A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais, pola que se fai pública a plantilla de resultados e se abre o período de reclamacións.

En sesión que tivo lugar o día 09 de agosto de 2017, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo na categoría de Enxeñeiro Técnico Agrícola, Perfil Profesional “Dirección e/ou Xefatura de Obra”, ámbito A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Servizos Centrais, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

- Publicar a plantilla de respostas.

A comisión de selección acorda facer pública a plantilla de resultados. Asimesmo, acórdase aperturar o prazo de **dous días hábiles** dende a publicación de esta plantilla de resultados para posibles reclamacións contra a mesma por parte dos aspirantes.

As reclamacións so poderán ser presentadas de luns a venres en horario de 9:00 h a 14:00 h nas oficinas de rexistro de SEAGA sitas en:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15890 Santiago de Compostela
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgar. Cabanas – Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

O prazo de presentación de reclamacións remata o 11 de agosto de 2017.

As reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fóra de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, a 09 de agosto de 2017.

O Presidente da Comisión de selección.

Asdo.- Martín Martínez Abal.

